ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

FICHA DA ACTIVIDADE FORMATIVA
UN16039

1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto básico do empregado público. Proba de avaliación

GRUPO: Programa de autoformación

ÁREA: Programa de autoformación

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	**PLAN:**	F. FINALISTAS	**HORAS:**	25
ADMINISTRACIÓN:	UNIVERSITARIA	**ESTADO:**	CONVOCADO	**ANO:**	2016
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	**TIPOLOXÍA:**	PROBA LIBRE	**EDICIÓNS:**	1

DATA MATRÍCULA: Do 29/06/2016 - 08:00h ao 08/07/2016 - 14:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O obxectivo principal é dar a coñecer o Estatuto Básico do Empregado Público, a súa estrutura e principios, así como o concepto de empregado público. Este obxectivo xeral pode concretarse, á súa vez, nos seguintes:
- Estudo da regulación constitucional da Función Pública e do marco normativo básico: o Estatuto Básico do Empregado Público e outras normas básicas.
- Aproximación á lexislación galega en materia de Función Pública.
- Coñecemento da presenza do factor humano nas Administracións Públicas e diferenciación dos distintos tipos de empregados públicos. Breve estudo do persoal directivo.
- Coñecemento dos grupos e corpos de funcionarios de carreira.
- Estudo das técnicas e instrumentos que utilizan as administracións públicas para organizar os seus recursos humanos (relacións de postos de traballo, plans de emprego e oferta de emprego público).
- Coñecemento dos distintos xeitos de seleccionar o persoal que presta os seus servizos na Administración.
- Estudo dos distintos xeitos de promoción profesional e carreira administrativa, e particularmente, dos sistemas de provisión de postos de traballo.
- Descrición da formación como un dereito básico, cunha breve aproximación a dúas institucións básicas: o Instituto Nacional da Administración Pública e a Escola Galega de Administración Pública.
- Distinción de cada un dos conceptos que compoñen as retribucións públicas.
- Identificación das peculiaridades do sistema retributivo dos funcionarios interinos e dos funcionarios en prácticas.
- Coñecemento das distintas clases de indemnización por razón do servizo.
- Coñecemento dos dereitos individuais básicos.
- Achegamento ao concepto de Código de Conduta e tamén establecemento dun cadro dos Principios éticos e dos Principios de conduta.
- Estudo dos distintos permisos e licenzas a que teñen dereito os empregados públicos.
- Achegamento ao dereito á negociación colectiva subliñando os aspectos máis importantes nesta materia.
- Coñecemento do concepto de avaliación do desempeño e obxectivos que persegue. Métodos utilizados, coas súas vantaxes e inconvenientes.

DESTINATARIOS

Persoal de Administración e Servizos das Universidades galegas.

PROGRAMA
Marco Normativo da Función Pública. Empregados Públicos: funcionarios de carreira, interinos, persoal eventual e persoal laboral. O persoal directivo. Organización dos Recursos Humanos, perfís de postos de traballo, selección, formación, promoción e carreira profesional. Sistema retributivo dos funcionarios. Dereitos e deberes dos empregados públicos. Negociación colectiva. Avaliación do desempeño.
CRITERIOS DE SELECCIÓN
Criterios xerais da EGAP, segundo a Resolución do 4 de xaneiro de 2008, publicada no DOG núm 7 do 10 de xaneiro de 2008.

3. DATOS EDICIÓNS

T01		
LOCALIDADE: Santiago de Compostela		**INICIO / FIN:** 25/10/2016 a 25/10/2016
NUM. PRAZAS: 50	**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)	**DATA EXAME:**
DOCENTES NOMEADOS		
NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE		
LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME		
AULA 3 (Informática): O día 25 de outubro de 16:30 a 18:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA **AULA 4 (Informática):** O día 25 de outubro de 16:30 a 18:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA		